

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026807	IES Félix Muriel	Rianxo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	2ª Lingua estranxeira - Portugués	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	25
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	33

1. Introducción

1. INTRODUCCIÓN

A materia de Lingua Portuguesa no bacharelato, como na ESO, ten como obxectivo xeral o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, para que, a través dela, as alumnas e os alumnos poidan interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que formarán parte da súa vida. Ademais contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, tal e como recolle o Anexo II do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato: oriéntase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e a igualdade de dereitos de todas as persoas.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician. En consecuencia, a lingua é unha das ferramentas fundamentais que vai utilizar o alumno/a:

- Para relacionarse en sociedade e achegarse a outros pobos e culturas, é dicir, para a comprensión e posta en valor da realidade plurilingüe en que nos movemos ou, como sinala o Anexo II, para o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal de Galicia, da Península Ibérica e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio por esa diversidade, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e estimular a reflexión interlingüística e sociolingüística. Este é o primeiro dos obxectivos, vinculado ao primeiro dos catro bloques en que se distribúen os criterios de avaliación e os saberes básicos, «As linguas e os seus falantes».

- Para analizar criticamente a información e xerar e difundir ideas e opinións, é dicir, para unha aprendizaxe instrumental ou, como sinala o Anexo II, para a produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así o recollen os obxectivos dous, tres, catro, cinco e seis, vinculados ao segundo dos bloques da materia, «Comunicación».

- Para expresar a súa afectividade e regular as súas emocións a través da lectura, servíndose da literatura como fonte de pracer e enriquecemento persoal ou, como sinala o Anexo II a respecto da competencia literaria, para desenvolver unha maior capacidade de abstracción e sistematización, así como o manexo dunha metalinguaxe específica que permita unha aproximación máis reflexiva aos usos orais e escritos a través de dúas modalidades de lectura guiada e autónoma. Así o recollen os obxectivos sete e oito, vinculados ao terceiro bloque da materia, «Educación literaria».

- Para reflexionar sobre o funcionamento da lingua, é dicir, para a aprendizaxe formal da propia lingua ou, como sinala o Anexo II, para abordar a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación, establecendo unha relación entre coñecemento gramatical explícito e uso da lingua, a partir da reflexión e da comunicación de conclusións coa metalinguaxe adecuada. Este é o noveno dos obxectivos, vinculado ao cuarto bloque da materia, «Reflexión sobre a lingua».

O décimo obxectivo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos os anteriores, polo que debemos procuralo nos catro bloques da materia.

No relativo á metodoloxía, a situación da sociedade multilingüe e plural na que vivimos demanda un enfoque de carácter plurilingüe e intercultural, cuxa finalidade sexa retirar as barreiras artificiais entre as linguas, polo que este debe considerar a aprendizaxe de todas as linguas e culturas de xeito transversal e integrador no seu ensino e na súa aprendizaxe. De aí que botemos man do Tratamento Integrado das Linguas (TIL), para estimular non só a reflexión interlingüística, senón tamén a aproximación aos usos sociais reais, en que a miúdo se han de manexar simultaneamente dúas ou máis linguas.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio e diferentes situacións de partida para cada lingua. Non se pode obviar a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe da nosa lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. Deste xeito, o TIL parte da lingua propia de Galicia para fomentar un plurilingüismo inclusivo ao servizo da normalización do galego.

Non esquezamos que si aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma, dicía Castelao. A lingua é a creación colectiva máis importante do pobo galego. Por iso, a súa normalización e preservación, é unha responsabilidade

común. Desde a escola pódese facer moito para conservar ese ben cultural pero non podemos esquecer que é a sociedade, no seu conxunto, a que decide sobre as linguas que quere usar. A normalización lingüística é un proxecto de gran complexidade que excede o ámbito docente e, por suposto, a responsabilidade da materia de lingua galega e literatura; pero desde a nosa materia, como docentes dunha lingua minorizada, temos a obriga de insistir no ¿por que? da situación social da lingua propia de Galicia e non só no ¿como? funciona esa lingua.

Mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son:

- o recoñecemento do outro como lexítimo,
- o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas,
- a aceptación da diversidade persoal, social e cultural,
- o respecto dos dereitos fundamentais.

Partindo das aprendizaxes adquiridas, a través de operacións e percepcións concretas na Educación Primaria e a través do desenvolvemento de operacións formais e de razoamentos lóxicos e conceptuais na ESO, o Bacharelato ten como finalidade proporcionar formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Así mesmo, esta etapa deberá permitir a adquisición e o logro das competencias indispensables para o futuro formativo e profesional, e capacitar para o acceso á educación superior.

Esta Introducción, así como a presente Programación Didáctica, ten como marco legal de referencia o cap.IV da LOE 2/2006 e o Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato.

CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Félix Muriel é o único centro de ensino secundario e postobrigatorio do concello de Rianxo. A el están adscritos, polo tanto, todos os Colexios de Educación Infantil e Primaria do termo municipal. Dada esta situación, sería de esperar que a oferta do noso centro educativo fose plural e diversa, para poder atender ás necesidades e expectativas do alumnado deste concello. A pesar diso, o noso centro só ofrece as ensinanzas regradas obrigatorias na ESO, cunha atención á diversidade e ás necesidades educativas do alumnado cada vez máis raquíca por falta de recursos materiais e humanos e unha oferta no ensino postobrigatorio que non dá cabida ás necesidades da contorna, pois só oferta dúas liñas no Bacharelato e un Ciclo Formativo de Atención Sociosanitaria. Tendo en conta que no noso centro abunda o alumnado que realiza estudos musicais, non é doado para eles combinalos cun Bacharelato que non se corresponde cos seus intereses, polo que moitas veces deben trasladarse a outro centro e, polo tanto, a outro concello. Por outra banda, o noso Ciclo Formativo precisaría dunha FP Básica acorde cos seus módulos e dunha continuidade a través dun Ciclo Superior. Ademais falta algún outro tipo de oferta formativa relacionada cos intereses económicos e produtivos da contorna, dado que Rianxo é un pobo que segue a vivir do mar. Con respecto á situación social que vive aquí a nosa lingua, cabe dicir que Rianxo é unha vila moito menos castelanizada que as da súa contorna (A Pobra, Boiro ou Ribeira). Se ben, nos últimos catro anos detectamos actitudes negativas cara a lingua por parte do alumnado, consideramos que forman parte do elenco de prexuízos sobre a viabilidade do galego na nosa sociedade en xeral. Estes prexuízos medran curso a curso, fornecidos pola falta de apoio institucional para impulsar medidas serias que freen a sangría de falantes, que apoiem o labor dos Equipos de Normalización Lingüística ou que visibilicen a lingua a través dos medios de comunicación de masas.

O contexto sociolingüístico do noso centro é galegófono no rexistro coloquial, pero atopámonos cunha maior corrección na expresión escrita en español e unha maior preferencia por realizar lecturas tamén nesa lingua. O argumento que o alumnado emprega para explicar esta situación diglósica é que aprenderon a ler e a escribir en castelán.

Dado este contexto, consideramos un obxectivo fundamental para o noso Departamento Didáctico a loita contra os prexuízos lingüísticos desde unha óptica proactiva que sitúe o alumnado como aprendices plurilingües, para que sexan quen de ver a riqueza que supón a aceptación da diversidade como un reforzamento da propia identidade. Ser competente na lingua propia significa saber utilizar esa lingua en todos os ámbitos e situacións de xeito adecuado, e isto implica derrubar prexuízos lingüísticos.

En consecuencia, deberemos prestar unha atención especial aos contidos relacionados coa Historia da Lingua e a Sociolingüística, para unha adecuada construción da conciencia lingüística e un mellor desenvolvemento da competencia plurilingüe. Para isto, buscaremos a coordinación cos outros Departamentos Lingüísticos na procura de estratexias que nos permitan abordar determinados contidos e perseguir os obxectivos do Bacharelato desde a óptica da Lingua Galega como lingua minorizada no seu propio territorio; non perderemos de vista o obxectivo común que é impulsar a necesaria normalización lingüística para vencer as dificultades da menor presenza e repercusión social do galego, motivadas en moitos casos por eses prexuízos que, como docentes de linguas, nun mundo multicultural e plurilingüe, temos a obriga de desmontar e derrubar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns.	1	1-2	1	2	5		1	3
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3		
OBX4 - Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-5			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Conheces alguma loja?	Comezaremos repasando os contidos do curso anterior e despois, arredor do texto instrutivo van adquirir coñecementos léxicos, semánticos e morfosintácticos relacionados co vocabulario da cidade, servizos públicos e comercios, os medios de tranposte e a alimentación. Os tempos verbais presente e futuro de indicativo de verbos regulares e irregulares e o imperativo. Facer preguntas, comprender e dar instrucións e explicacións en distintas áreas de servizos. Preposicións de movemento, lugar, distancia, movemento. Expresar cantidades. Pronomes persoais e posesivos. Comprender e elaborar textos instrutivos como por exemplo unha receita de cociña.	33	41	X		
2	Viste ontem o filme na TV?	A través da entrevista aprenderemos a comprender entrevistas orais e escritas, a facer comparacións, expresar opinións. Vocabulario do tempo de lecer, falar do tempo pasado e futuro e a expresión da calidade mediante sufixos derivativos.	33	38		X	
3	Deverías comer uma salada	Arredor do artigo de opinión aprenderemos a dar unha opinión e defendela, aconsellar, comprender artigos de prensa relacionados coa saúde. Expresar intencións. Comprender un menú. O condicional e o pretérito perfecto e imperfecto. Expresar intención, capacidade, posibilidade, probabilidade.	34	26			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Conheces alguma loja?	41

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redacta textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Compara e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	PE	30
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explica o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.		
CA1.1 - Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiás de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, propios dos ámbitos persoal, educativo e público, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Extrae o sentido global e información relevante en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiás de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible a través de distintos soportes.		
CA1.2 - Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e co apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados e que ¿no caso da oralidade¿ estean articuladas moi claramente, con ritmo pausado, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.	Comprende a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita e dos medios de comunicación social con presentacións moi sinxelas e estruturas e léxico moi básico, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.	TI	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	Usa estratexias básicas de comprensión do sentido xeral de textos sinxelos e básicos: utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.		
CA1.4 - Comprender descrições, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito con ritmo pausado.	Comprende descrições, narracións, instrucións e opinións claras formuladas de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir o dito.		
CA1.5 - Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia.	Produce oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia.		
CA1.7 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	Completa formularios e documentos moi básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.		
CA1.8 - Aplicar e compartir coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos (adequación á persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Aplica e comparte coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos (adequación á persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.		
CA1.9 - Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Participa en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.		
CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactúa de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	Interactúa respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.		
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Utiliza estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.		
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosa unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, carteis, programas, folletos, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmítelles a terceiras persoas información simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi simples como sinais, paneis de información, carteis, programas, folletos, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, identificando aqueles factores socioculturais máis evidentes que dificulten a comunicación, e usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplica de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, identificando aqueles factores socioculturais máis evidentes que dificulten a comunicación, e usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Utiliza e diferencia de forma progresivamente autónoma coñecementos que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de diferentes soportes, valorando as competencias plurilingües.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identifica os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realiza de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñece estratexias de logro propias e alleas; reproduce aspectos que axudan a mellorar, fainos explícitos e compárteos con outros participantes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñece estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	Acepta e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves, básicos e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións básicas e cotiás (identificar unha persoa, transmitir horarios, notas, costumes ou hábitos). - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: intercambiar información sobre cuestións cotiás; instrucións e ordes básicas; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións sinxelas; expresar o gusto ou o interese e emocións moi básicas; enlazar frases de forma sinxela para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciado sucesos futuros; expresar a opinión; dar explicacións moi sinxelas; realizar hipóteses moi básicas; expresar en textos moi sinxelos a posibilidade e a dúbida. - Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos, organización e estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo e instrutivo). - Utilización de unidades lingüísticas básicas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, frecuencia, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. - Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo a identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, estudos, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, comparar, colaborar etc.

Contidos

- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso máis común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.¿).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	Viste ontem o filme na TV?	38

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e co apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados e que íno caso da oralidade estean articuladas moi claramente, con ritmo pausado, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.	Comprende a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita e dos medios de comunicación social con presentacións moi sinxelas e estruturas e léxico moi básico, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.		
CA1.6 - Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redacta textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	PE	30
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

4.1. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Dado que o contacto entre linguas é o fenómeno máis habitual nas sociedades do século XXI. Ese contacto pode servir para aproximarnos ou para afastarnos. O reto da escola é lograr que o fenómeno do contacto entre linguas sexa un instrumento para a aproximación, a comprensión, o respecto e a aceptación do outro, do diferente, en consecuencia, do mundo. Tendo en conta que hai que aprender a preservar a diversidade, porque non se protexe o que non se coñece, importa educar para a interacción con aquel/a que utiliza outra(s) lingua(s). Educar na intercomprensión, na e para a diversidade lingüística é o camiño escollido pola UNESCO desde 2006 e supón, ao mesmo tempo, educar para a cidadanía, educar no diálogo, para a paz, a democracia e a xustiza social. Habitamos un mundo absorbido pola globalización no que o dominio do inglés instalouse como un dogma que non pode ser cuestionado nin criticado. Este proceso de homoxeneización lingüística é contrario á diversidade e inimigo da democracia. De aí o papel fundamental da escola para o desenvolvemento da competencia plurilingüe, para formar galegos e galegas políglotas, usuarios/as de diversas linguas, a través dunha metodoloxía baseada no tratamento integrado de linguas, desenvolvendo un plurilingüismo inclusivo, en cuxo corazón resida a normalización da lingua galega.

É por todo isto que asumimos o Tratamento Integrado de Linguas (TIL), como marco metodolóxico, pois trátase dunha corrente na didáctica das linguas que intenta que todas as linguas curriculares compartan os mesmos principios metodolóxicos e o mesmo enfoque didáctico. Por outra parte, o TIL considera o punto de partida diferente de cada unha delas. Daquela, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que cómpre desmontar e superar.

A metodoloxía TIL debe estar ao servizo do desenvolvemento do Proxecto Lingüístico de Centro (PLC), que consiste

na planificación de todos os aspectos relacionados co ensino, aprendizaxe e uso das linguas en cada centro, polo que debe recoller:

- Reflexión da comunidade educativa arredor das linguas curriculares e da contorna.
- Grao de desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado en cada unha das linguas curriculares, para detectar fortalezas e debilidades e mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Acordos sobre as linguas como: obxectos de aprendizaxe / vehículos de aprendizaxe
- Obxectivos do centro para cada unha das linguas: para fomentar o plurilingüismo inclusivo, para erradicar os prexuízos lingüísticos e para normalizar a lingua galega.

Por outra parte, a actividade construtiva da alumna/o é o factor decisivo na realización das aprendizaxes escolares. É o alumno/a quen modifica e reelabora os seus esquemas de coñecemento, construíndo a súa propia aprendizaxe. A aprendizaxe dunha lingua progresa en espiral, o que significa que a adquisición de novas habilidades debe ir paralela ao mantemento e á activación das dos cursos anteriores, pois sobre elas se asenta. Neste proceso o profesorado actuará como guía e mediador para facilitar a construción desa aprendizaxe. O profesorado ha de proporcionar oportunidades para poñer en práctica eses novos coñecementos.

Polo que o proceso de ensino ha de estar presidido pola necesidade de garantir a funcionalidade desas aprendizaxes, que non só son construción de coñecementos senón tamén desenvolvemento de habilidades e estratexias de planificación da propia actividade de aprendizaxe. Será preciso integrar na práctica da aula tanto procedementos e as actitudes como os conceptos, necesarios todos para o desenvolvemento competencial do alumnado.

En consecuencia, pretendemos, reforzar os aspectos prácticos, polo tanto, cómpre poñer especial atención na oralidade e nas competencias activas: aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, o ENDLG, o auditorio do concello, así como fomentar as tecnoloxías da información e da comunicación, fomentar a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado. Polo que valoramos moito a participación do noso alumnado nas actividades que lles propoñemos (asistencia a representacións teatrais e á presentación de libros, asistencia a xornadas sobre a memoria histórica ou a obradoiros de boktoobers, produción de artigos arredor das súas lecturas ou de crónicas arredor das actividades nas que participan, realización de lecturas públicas...

En resumo, estas son as liñas metodolóxicas a seguir:

- ¿ Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.
- ¿ Operar non só sobre o concreto, senón tamén sobre conceptos, ideas.
- ¿ Fomentar a formulación de hipóteses.
- ¿ Buscar, seleccionar e tratar a información.
- ¿ Fomentar a confrontación clara e respectuosa.
- ¿ Insistir na ordenación, comparación e xerarquización das ideas.
- ¿ Elaborar percorridos ordenados desde a formulación da hipótese até a comprobación dos resultados.
- ¿ Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
- ¿ Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes ao utilizado.
- ¿ Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

4.2. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- ¿ 3 unidades didácticas.
- ¿ Aula Virtual/Edixgal
- ¿ Revista do ENDLG: "Bico da ría", para publicar as producións do alumnado.
- ¿ Lecturas seleccionadas pola persoa docente.
- Plataforma Edixgal.
- Audios e vídeos de diversa procedencia.
- Materiais elaborados pola docente para traballar en formato fotocopia.
- Colaboración dunha persoa lectora en dúas sesións semanais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

5.1. AVALIACIÓN INICIAL

Antes de acabar o mes de setembro, realizarase a Avaliación Inicial para observar o grao de desenvolvemento das competencias clave do alumnado. De aí que o importante desa avaliación non sexa lembrar os contidos traballados no curso anterior senón as habilidades para poñer en práctica eses contidos, o seu saber facer.

Esta Avaliación estruturarase en tres partes:

1. Avaliación da expresión oral a través da autopresentación na aula, á que seguirá o envío dun correo electrónico seguindo as indicacións dadas, polo que tamén se avaliarán as habilidades sociais, a competencia dixital e o grao de autonomía do alumno/a; así como a súa capacidade para aprender a aprender, mellorando no envío electrónico a tarefa realizada espontaneamente na aula.
2. Comprensión oral das explicacións dadas na aula arredor do Caderno TIL que será necesario utilizar na Proba Escrita, polo que tamén se avaliará a capacidade de aprender a aprender e a autonomía do alumno/a.
3. Comprensión e expresión escrita a través da realización da Proba Escrita, se ben non será tida en conta a memorización de contidos. Tamén servirá para avaliar a conciencia cultural do alumnado.

Acabada a avaliación inicial, ese documento servirá para iniciar a primeira das secuencias didácticas, que xirar arredor da Comunicación; pero ademais, segundo os resultados acadados polo alumnado, proporanse na Xunta de Avaliación as estratexias a seguir. Estas deberán pasar polos seguintes pasos:

1. Reunión co resto do profesorado do alumno/a para acordar medidas de reforzo conxuntas, especialmente co profesorado das Linguas, na procura dun tratamento integrado das mesmas..
2. Información á familia do alumnado, procurando a súa participación na evolución do proceso educativo do seu fillo/a, buscando a súa colaboración nas medidas de reforzo que poidan posibilitar o seu progreso educativo.
3. Entrevista co alumno/a ou co grupo de alumnos/as que deban recibir de forma individual ou conxunta medidas de apoio e/ou reforzo, buscando a implicación e colaboración dos mesmos e procurando espertar a súa curiosidade e o seu interese cara o seu propio proceso de aprendizaxe.
4. Proposta de tarefas de reforzo que incidan de xeito individual na resolución dos problemas de aprendizaxe que cada un presente ou proposta dunha tarefa conxunta se for o caso.
5. Incidir na Lectura como un instrumento básico de aprendizaxe, procurando a través dela o desenvolvemento de todas as competencias clave.
6. Exixir uns hábitos de traballo adecuados para acadar un mellor rendemento académico, coa colaboración das familias do alumnado implicado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Proba escrita	30	30	30	30
Táboa de indicadores	70	70	70	70

Criterios de cualificación:

As porcentaxes coas que imos a avaliar son:

- Un 30% as probas escritas
- Un 70% as producións do alumnado

Para atender os contidos transversais e valorar o desempeño do alumnado en situacións de aprendizaxe real, botaremos man de ACTIVIDADES

VOLUNTARIAS, que suporán poder sumar até 3 puntos, unha vez acadado o 5 na materia ou ámbito. A finalidade destas actividades son tres:

1. Atender á diversidade.

O alumnado caracterízase pola súa heteroxeneidade (diferentes coñecementos previos, diferentes intereses, diferentes situacións persoais, familiares ou sociais, etc.) polo que as persoas docentes debemos atender esa diversidade para dar resposta ás diferentes características, necesidades, ritmos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado; e debemos facelo non só a través dunha resposta educativa, de ensino-aprendizaxe formal, senón tamén a través da transmisión de valores. Para isto distinguiremos entre as TAREFAS da aprendizaxe formal e as ACTIVIDADES informais e de carácter voluntario, como tamén o son as Actividades Complementarias e Extraescolares que se programan cada curso nos centros de ensino.

2. Promover o voluntariado.

O voluntariado é unha das formas de participación social máis relevante e a xente nova debe familiarizarse con ela desde idades temperás. Nunha sociedade tan individualizada como a actual, os centros de ensino deben potenciar actitudes de integración e solidariedade, que contribúan ao desenvolvemento persoal e profesional do alumnado e que, por outra parte, recollen os currículos. A aprendizaxe baseada en servizos á comunidade é unha boa ferramenta para fomentar o altruismo e impulsar o activismo social en relación, por exemplo, á igualdade entre homes e mulleres, á defensa do medio ou á procura da normalización da lingua galega.

3. Procurar os ODS da Axenda 2030.

A Axenda 2030, aprobada en 2015 e acordada por 193 países da ONU, é un plan de acción global para procurar dar solución aos grandes desafíos da Humanidade: como a igualdade entre as persoas e a protección do planeta.

Presenta 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, entre os que se atopa o ODS4, “Educación de calidade”, consistente en garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade para todos e todas, que busca eliminar as disparidades de xénero no ensino e formar o alumnado para promover un desenvolvemento sostible.

Tendo en conta a diversidade do alumnado, as actividades voluntarias deben favorecer un trato igualitario, polo que deben ser diversas para que todo o alumnado poida, se quere, desenvolver algunha delas. Pola tipoloxía destas actividades e os valores que perseguen, evítanse aquelas que impliquen competición. Finalmente, a valoración realízase por desenvolver unha actividade, non por pertencer a un grupo ou equipo de traballo (formar parte do ENDLG non puntúa).

Entre as actividades voluntarias o alumnado pode escoller:

- Desenvolver o compromiso coa dinamización da lingua e a promoción da cultura portuguesa e do mundo da lusofonía, asistindo a representacións teatrais ou proxeccións cinematográficas galegas con reseñas en portugués ou obras portuguesas, participando en certames, asistindo a parladoiros, usando o portugués como lingua vehicular propia.

- Desenvolver o compromiso coa igualdade entre homes e mulleres e coa inclusión LGTBI en portugués.

- Desenvolver o compromiso coa protección do medioambiente, participando en proxectos baseados en servizos á comunidade como Monte vivo que teñan que ver coa realidade portuguesa.

- Desenvolver o hábito lector, realizando lecturas voluntarias de textos en portugués

Criterios de recuperación:

O alumnado serán informado do seu rendemento académico en cada unha das destrezas (CE, EE, CO e EO) e da cualificación obtida ao final de cada período de avaliación. O que presente dificultades no proceso de aprendizaxe será orientado para a realización de determinadas tarefas que supoñan un reforzo e sirvan como recuperación das carencias presentadas. Esas incidirán no seu desenvolvemento competencial, non na adquisición de contidos novos ou na memorización. Neste caso o uso do Caderno TIL para a realización das tarefas que se indiquen será esencial. A superación das probas deberá obterse de forma lícita. Polo tanto, o feito de copiar, permitir que outras persoas copien ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar os resultados propios ou alleos mediante procedementos deshonestos, suporá a retirada inmediata da proba, obtendo un cero (0) na cualificación da mesma, sen dereito a repetición, o que suporá un suspenso na materia nese trimestre. O profesorado tamén poderá rexeitar un exame ou traballo se a súa presentación non é adecuada ou a súa caligrafía o fai ilexible. Para isto segúranse as Indicacións para a presentación de textos escritas recollidas no Caderno TIL. Ademais dos contidos conceptuais, en todas as probas, traballos e tarefas, valorarase a expresión consonte estes parámetros: adecuación, coherencia, cohesión, corrección gramatical, corrección ortográfica e riqueza e precisión do léxico e recursos estilísticos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

5.3. SEGUIENTO DO ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE

Se o alumno/a precisa reforzo, haberá que centrarse en resolver as dificultades máis frecuentes e en desenvolver as habilidades imprescindíbeis para un correcto aproveitamento dos contidos do curso no que se atopa ese alumno/a.

Proporanse puntualmente Actividades de Reforzo, que o Departamento se encargará de elaborar, a aqueles alumnos/as que precisan un mellor desenvolvemento das competencias clave para acadar os obxectivos do Bacharelato. Esas actividades de reforzo centraranse nos estándares do Bloque 2 (Ler e Escribir) da materia e para a súa realización o alumno/a servirase do Caderno TIL. Unha vez realizadas, se tivo dificultade con algunha das actividades propostas, o alumno/a reunirse coa persoa docente, para que poida axudalo a desenvolver esas actividades.

Por outra banda, o alumno/a coa materia pendente de cursos anteriores, terá dereito a realizar dúas probas, segundo o calendario que para as probas de pendentes sexa marcado desde a Xefatura de Estudos. Estas probas serán semellantes ás Probas Trimestrais de cada un dos cursos (2º e 3º de ESO).

Agora ben, tal e como se recollía na Orde do 30 de Setembro de 2004, se un alumno/a, se o alumno/a aproveita satisfactoriamente as aprendizaxes do curso no que está matriculado, non precisará examinarse da materia pendente, xa que o/a docente poderá considerar a súa avaliación positiva nesa materia mediante o traballo realizado no presente curso académico. Para isto farase un seguimento do seu labor na aula.

ATENCIÓN AO ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE

CONTIDOS

Para poder superar a materia pendente do curso anterior, teranse en conta os Criterios de Avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade estarán orientadas, como se sinala no Decreto 133/2007, a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

Partindo do proxecto curricular, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender á diversidade do alumnado. Cremos que hai que ter en conta que as diferenzas de partida que hai entre o alumnado impiden conseguir obxectivos idénticos. Trátase de avaliar o camiño transcorrido desde a Avaliación Inicial e individual, até a Avaliación Final. Por iso no servimos das seguintes medidas:

- Flexibilidade nos tempos de entrega de tarefas.
- Atención individualizada fóra das sesións lectivas a través de plataformas dixitais.
- Uso dunha aula de informática para supervisar a navegación pola aula virtual e o desempeño do alumnado coas TICs.
- Sesións extraordinarias de traballo, fóra do horario lectivo, para atender

ás necesidades dun alumno/a.

- Deseño de tarefas diversas, adaptadas a distintos ritmos de aprendizaxe.
- Uso de recursos diferentes para achegar os contidos e as explicacións a tod@s.
- Aplicación de diferentes instrumentos de avaliación adaptados ás necesidades do alumnado.
- Incorporación en determinadas Secuencias didácticas de Actividades de Reforzo.
- Uso do Traballo de investigación como instrumento favorecedor das técnicas de traballo autónomo que permite a cada alumno/a aplicar o ritmo e a forma de traballo máis axeitada ás súas características individuais.
- Uso dos Comentarios de distintos tipos de textos, con diferentes graos de dificultade, para formar persoas críticas, mellorar a comprensión e a expresión e, ademais, aumentar as lecturas en función dos gustos ou intereses de cada alumno/a.
- Listaxe de Lecturas Voluntarias ao servizo da diversidade de alumnos/as que poden confluír nunha aula.
- Tarefas Voluntarias propostas coa finalidade de desenvolver os contidos transversais, pero co obxectivo de atender á diversidade do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Tomar conciencia das situacións de desigualdade económica, cultural, relixiosa, lingüística do mundo entendendo que, máis que un mal inevitábel, son realidades que se poden cambiar. Actividade: Fronte ao consumismo do Nadal, comercio xusto! (UD1)	X		

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.2 - Analizar as causas dos conflitos no mundo, tanto a nivel de relacións interpersoais como a nivel de Estados. Aprender a importancia de resolver as discrepancias a través do diálogo, o respecto e a tolerancia. Actividade: Castelao e a paz		X	
ET.3 - Valorar as linguas como instrumentos de comunicación en pé de igualdade e insistir na importancia de todas elas como símbolos de identidade dos seus falantes e como as maiores e mellores expresións culturais dos pobos que as crearon, para que todas e todos disfruten dos mesmos dereitos. Actividade: Día da lingua nai	X	X	X
ET.4 - Fomentar o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa. Aprender a respectalas e a valoralas. Actividade: Universo Entroido		X	
ET.5 - Identificar e corrixir as actitudes que resulten discriminatorias ou ofensivas coas mulleres. Eliminar os compoñentes sexistas no uso da lingua. Actividades: Glosario violeta / Do 25N ao 8M camiñando entre mulleres / Día de Rosalía	X	X	
ET.6 - Aprender a vivir a propia sexualidade con responsabilidade e madurez, respectando as opcións e comportamentos sexuais dos demais. Actividade: Glosario violeta e Orgullos@s			X
ET.7 - Entender a importancia de estar ben informados dos aspectos máis relevantes da sociedade e mostrar unha actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos medios de comunicación. Actividade: InFormarNos	X	X	X

Observacións:

7.1 CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Ademais dos contidos específicos da materia de LGL, o noso Departamento contribuirá á formación integral do alumnado mediante actividades que desenvolvan aspectos transversais fundamentais para a aprendizaxe en valores esenciais como a igualdade, a responsabilidade, a solidariedade e a tolerancia.

Os temas transversais serán tratados en textos de natureza diversa que serán analizados ao longo do curso e poderán tamén servir de punto de partida para reflexións persoais expostas por escrito ou ben diálogos e debates orais durante a clase. Tamén se poderá partir doutros materiais audiovisuais que, referíndose ao currículo da nosa materia, teñan relación con algún dos temas transversais.

O profesorado será sempre claro referente na dirección ética axeitada que se deba adoptar en cada caso, sen menosprezo da liberdade de pensamento que, dentro dos límites do razoábel, poidan presentar os/as alumnos/as e corraxirá aquelas actitudes e opinións que considere lesivas para os valores expostos no primeiro parágrafo deste apartado.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día da lingua nai	Participar nas actividades de coñecemento e valorización da diversidade lingüística.		X	
Día da poesía	Participar nas actividades que se organicen no centro. Lectura e recitado de poesía en lingua portuguesa.		X	
Día do Libro	Participar nas actividades organizadas pola Biblioteca arredor desta data para valorizar a importancia dos libros e a lectura.			X
6 de maio: Día da lingua portuguesa	Recoñecer e valorar a importancia da lingua portuguesa e a súa cultura.			X
10 de xuño: Día de Camoes Portugal e das Comunidades Lusófonas	Recoñecer e valorar a importancia das Comunidades Lusófonas e da figura de Camoes.			X
Actividade 25 de Abril	Dar a coñecer a importancia desta data histórica en Portugal.			X

Observacións:

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Cada curso, este Departamento realiza actividades complementarias, dentro do centro e en horario lectivo, centradas na investigación arredor da lingua, cultura, historia e tradicións do medio ao que pertence o alumnado. O resultado das mesmas pódese ollar aquí.

Ademais unha porcentaxe moi elevada do alumnado do centro (procedente de todos os cursos e niveis académicos) participa moi activamente nas actividades do Equipo de Dinamización e Normalización da Lingua Galega (ENDLG), das que se nutre o noso Departamento Didáctico. Este labor pode ollarse a través da revista e do blogue do ENDLG do IES Félix Muriel:

- Bico da Ría
- O castelo da lúa
- Rianxo fala

Cada curso, este Departamento xunto co ENDLG, e en ocasións en colaboración coa Biblioteca, desenvolve as actividades arriba citadas nas que colaboramos e participamos ademais destas outras

- Día de Rosalía
- Días de Entroido
- Día da poesía
- Día do Libro
- Actividade 25Abril

- Recitado, dramatización ou narración de textos do autor/a a quen se lle dedique o día das Letras Galegas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Estes Indicadores de Logro cubriranse cos resultados da enquisa para a Avaliación do Labor Docente realizada polo alumnado de xeito anónimo, a través dun formulario virtual, como este.
Metodoloxía empregada
A metodoloxía e as actividades foron axeitadas para o nivel do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A distribución da aula nos diversos tipos de actividade foi axeitada e os elementos da aula foron aproveitados
Medidas de atención á diversidade
As medidas de atención a diversidade foron adecuadas a realidade da aula.
Clima de traballo na aula
O clima de traballo na aula foi propicio.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A coordinación co equipo docente e cos pais foi a axeitada.

Descrición:

Os indicadores de logro divídense en catro dimensións (planificación, desenvolvemento, seguimento e avaliación, e motivación do alumnado) que serán valoradas polo alumnado nunha escala do 1 ao 5 no que o 1 é nunca, o 2 poucas veces, o 3 a miúdo, o 4 case sempre e o 5 sempre. Con estes parámetros encherán este cuestionario:

Planificación

1. Programa a materia tendo en conta os criterios de avaliación previstos na normativa legal vixente.
2. Programa a materia tendo en conta os plans e proxectos educativos do centro.
3. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.
4. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado.
5. Programa actividades e estratexias en función dos criterios de avaliación e das necesidades do alumnado.
6. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
7. Establece, de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.
8. Coordínase co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns (Tratamento Integrado de Linguas).

Desenvolvemento

1. Organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...)
2. Relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos.
3. Amosa predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento do Proxecto.
5. Utiliza as TICs para apoiar os contidos na aula.
6. Promove o traballo colaborativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado.
7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
8. Elabora actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe.
9. Presenta actividades de grupo e individuais.
10. Facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas,...)

Seguimento e Avaliación

1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel do alumnado.
2. Detecta os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe.
3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
6. Utiliza sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información.
7. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave.
8. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
9. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
10. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais e nais.

Motivación do alumnado

1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada tarefa.
2. Utiliza distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...).
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.
5. Relaciona os contidos e actividades cos intereses do alumnado.
6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.
7. Promove a reflexión sobre os temas tratados.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O proceso de avaliación servirá para constatar o nivel de éxito á hora de acadar os obxectivos propostos. Será continuo e aberto e será esencial no proceso de autocorrección dunha programación que é susceptible de ser modificada a partir da experiencia real nas aulas, o que redundará no seu valor formativo. Analizará as deficiencias e logros en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe e aportará instrumentos útiles para a mellora da dinámica educativa en todos os seus aspectos.

O proceso de avaliación deberá ser abordado en dous niveis complementarios:

a) A avaliación da programación en si, en tanto que instrumento pedagóxico. Trátase de verificar se o dispositivo pedagóxico empregado é adecuado e cales son os aspectos en que se poderían presentar maiores conflitos: no nivel de profundidade dos contidos expostos en cada nivel educativo, na idoneidade da secuenciación dos mesmos, no nivel de complexidade dos mecanismos empregados no proceso de ensinanza-aprendizaxe (sobre todo no emprego das TIC nos cursos máis baixos, nos que o nivel de competencia dixital dos/das alumnos/as é moi desigual), na efectividade das actividades e lecturas propostas, na idoneidade dos materiais curriculares empregados...

A través das reunións semanais de departamento, iranse analizando estas cuestións e realizaranse as modificacións puntuais que se considere oportunas, neste mesmo curso sempre que for posíbel, ou tomarase nota delas para reformalas de cara a próximos cursos.

b) A avaliación da interactuación do alumnado coa programación. Trátase de avaliar o nivel de resposta do alumnado coa acción pedagóxica e a capacitación deste á hora de avanzar nas diferentes competencias educativas que poida integrar.

- Competencia en comunicación lingüística: a observación das habilidades do alumnado para empregar correctamente a linguaxe, tanto na comunicación oral como na escrita, saber interpretar mensaxes dunha certa complexidade e estar capacitado para emitir xuízos críticos, xerando ideas propias e adoptando decisións persoais.

- Tratamento da información e competencia dixital: as actividades realizadas con axuda das TICs contribuirán notablemente a desenvolver a capacidade do alumnado para obter e procesar información dos novos soportes informáticos, transmitila e transformala en coñecemento. A avaliación desta competencia será fundamental para a analizar eficacia pedagóxica destas estratexias.

- Competencia social e cidadá: a participación activa do alumnado na aula, fisicamente ou a través da aula virtual, favorecerá a intercomunicación entre o alumnado en tarefas comúns, a capacidade para valorar tanto as opinións propias como as alleas e integralas de maneira coparticipativa nunha única dinámica de ensinanza-aprendizaxe.

- Competencia cultural e artística: En boa parte, os contidos do currículo, fundamentalmente de literatura, abórdanse desde unha perspectiva

interdisciplinar, vinculándose a outras expresións artísticas e culturais coas que mantén unha relación directa. Será importante avaliar a capacidade do alumnado para entender, a partir desa visión, o fenómeno da literatura como unha mostra artística integrada no conxunto das manifestacións culturais dunha sociedade determinada. Por outro lado, avaliarase a súa competencia para empregar os recursos propios da expresión literaria en traballos de creación que se irán propoñendo ao longo do curso.

- Autonomía e iniciativa persoal: a procura individual de información, a responsabilidade persoal á hora de discriminala, a capacidade para aportar iniciativas ao grupo, servirán para avaliar esta competencia, para analizar até que punto cada alumno/a é capaz de responder aos retos que se lle presentan á hora de tomar decisións que teñan repercusións na súa contorna pedagóxica (e por extensión, na súa vida).

Finalmente, a elaboración das Memorias Trimestrais, así como da Memoria Final servirá para concretar a avaliación desta programación didáctica.

9. Outros apartados